

VIERNES, 12 de octubre de 2007

REPORTAJE: LUCES

A literatura que escapa do papel

Numerosos escritores galegos exploran outros soportes para a creación literaria

DANIEL SALGADO | 12 OCT 2007

Archivado en: [Nuevas tecnologías](#) [Tecnología](#) [Literatura](#) [Ciencia](#) [Cultura](#)

Hai literatura alén do papel. Se os libros desaparecen algún día, como agoiran os profetas das novas tecnoloxías, a letra impresa poderá pervivir nas pantallas e *pendurada* na Rede. Artistas novos e non tan novos están a experimentar con todo tipo de soportes, seguindo unha tradición que en Galicia arrinca xa nos primeiros anos 80 co pioneiro grupo Rompenite.

"A literatura ten máis vida que o libro; o que importa é a lectura, o libro unicamente é un obxecto". A tese, que pertence a Camilo Franco, pode ser o fío que une as experiencias de numerosos escritores galegos con soportes diferentes do papel. O vídeo dixital, a experimentación acústica, a rede, a *performance*, o acompañamento instrumental, a música electrónica, constitúen algunhas das ferramentas que se moven adoito na periferia da paisaxe literaria galega.

Camilo Franco armou, durante os primeiros meses deste ano, a exposición *Palabras contadas* na fundación Luís Seoane da Coruña. Baseada no volume de relatos do mesmo título, *Palabras contadas* propuña unha reflexión sobre o acto da lectura. "Aínda que o libro desaparece", explica Franco, "o acto de lectura permanece". "Quixen levar a lectura, o acto cultural máis importante de Occidente, a espazos non convencionais", sinala.

"Tardei varios recitais en decatarme do aburrido dos recitais", di a poeta Lucía Aldao

Antón Lopo foi un dos escritores pioneiros nos contactos conscientes coa

'performance'

A presentación do libro que orixinou a mostra de Franco tamén excedía as canles convencionais. "Pero eu non fago *performance*, que quede claro; eu fago entroido". O autor de *Por conto alleo* contactaba o público coa escolta do guitarrista Magín Blanco: "Busco un espazo ao que atraer o lector e convivir con el". Franco, que calcula nunhas 1.000 persoas os asistentes ás máis de 30 presentacións de *Palabras contadas*, advirte de que "entre a cultura galega e o público galego existe unha fenda; o asunto é tratar de reducila".

Manuel Rivas ou Xosé Carlos Caneiro ensaiaron igualmente a posta de longo das súas obras literarias amparados por músicos máis ou menos clásicos. Non é o caso de Mario Regueira, que, na pasada feira do libro da Coruña, deixou pampos a propios e a estraños cando O Leo i Arremecághona cantou *Bilingüismo harmónico* na presentación da súa novela *L'affiche rouge*. Santiago Jaureguizar, defensor irredento de rematar coas mesas de "editor, escritor e amigo que fala ben da obra" paseou bares a finais da década anterior no proxecto *Elviscristo Furious Machine*, narración e música electrónica.

A poeta coruñesa Lucía Aldao tamén circula nas marxes do pop. Inédita por vocación - unicamente publicou nun libro de artista-, Aldao vén de ser seleccionada para un festival grazas a unha versión de *She's lost control*, de Joy Division, xunta Diego Delgado. "Non sei moi ben cando comecei a probar estratexias diferentes nos recitais de poesía", lembra,

"é dicir, tardei uns cantos recitais en decatarme de que non me gustaban os recitais".

Lucía Aldao armou, canda María Lado, a acción *Onde estea un cubata que se quite un soneto*. "Tentamos mudar o recital nunha festa, e por iso levamos bebida, música electrónica; no medio dicimos os nosos poemas que, por certo, algúns non son nada divertidos". Tamén con Lado e máis Pepa Yáñez argallaron o espectáculo *Poeta de merda*. "Queríamos gozar co que faciamos e dar a oportunidade á xente de ver algo diferente, non mellor, senón diferente", remata. A Lucía Aldao interésalle a "intención de cercanía" do grupo de poetas novas de Córdoba. "Elena Medel ou Alejandra Vanessa son do pouco que me gusta do que está a facer fóra de Galicia", confesa.

Estíbaliz Espinosa gañou o premio Esquíu de poesía con *Pan. Libro de ler e desler* hai oito anos. Publicou logo *-oramá e número e*, todos en formato libro e con distribución regular. En 2005 incluíu un audiopoema nun cedé editado polo Instituto Cervantes de Nova York e de nome *Jardín de versos*. "Os outros poetas que participaron limitáronse a gravar a súa voz", relata Espinosa, "eu incluíu fondo sonoro". A poeta, de sempre interesada no mundo acústico, comezou a tentear o territorio. "Se digo a verdade, a tecnoloxía foi a culpábel de que eu me interesase pola creación de atmósferas sonoras para os meus poemas. Mercas aparellos e, por curiosidade, fedellas neles". Na actualidade, Estíbaliz Espinosa constrúe *podcast*, arquivos de audio que *pendura* en Internet sobre a base dos seus propios textos. "Gañei un concurso en Tarragona para *podcast* poético musicais; o texto era de Baudelaire", conta. Espinosa, que recoñece unha débeda con Joan Brossa á hora de exceder o soporte literario de celulosa, prepara agora arquivos con textos propios e doutros poetas galegos, como Avilés de Taramancos ou Luísa Villalta.

A actividade escrita de Antón Lopo abrangue practicamente a totalidade dos xéneros. Poeta, novelista, dramaturgo ou xornalista, Lopo iniciou os seus contactos conscientes coa *performance* antes que case ningún outro autor galego. "A prehistoria da miña vocación *performática* quizais se atope nas bandas de rock das que formei parte entre 1983 e 1988, Miserables e Cuadros", rememora, "pero non é até *O outro extremo do paraíso*, que fixen con Ana Romaní sobre o meu libro *Om*, que me afasto do papel". Lopo e Romaní reincidiron con *Lob*s*, a partir dos seus respectivos poemarios *Pronomes* e *Arden* e coa creación do Laboratorio de Indagacións Poéticas. "Pero é con *Prestidixitador* cando xa non existe o libro; eses poemas só existen na memoria". Antón Lopo considera "a pegada en expansión de Yves Klein", os obradoiros coa bosnia Marina Abramovic ou a Uxío Novoneyra e Carlos Oroza "fundamentais" á hora da súa opción pola *performance*.

Para Lucía Aldao, "a cousa en Galicia ten que se centrar". "Somos moitos os que andamos probando e explorando", asegura. Yolanda Castaño estreara hai tres tempadas *O vídeo da egoísta*, logo de publicar o libro de *idem*. Os irmáns Creus, Estevo e David, acaban de crear Non ou edicións, que inauguraron hai escasos meses coa publicación de *Merzbau non ou posible?* "Un proxecto alternativo de edición de experiencias", autodefínense. As propostas evólven a gran velocidade. Antón Reixa, dos pioneiros Rompente, ilustra: "Non coñeciamos a palabra *performance* e falabamos de recital poético audiovisual".